



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2013

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Daniel Pena Agras, Moisés Alberto García Núñez, María José Martínez Méndez, Ernesto Vázquez-Rey Farto e Manuel Reyes García Hurtado.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa da celebración en Madrid, o pasado día 11 de decembro, dun *Consejo de Universidades*. Nel, entre outros asuntos, informouse un borrador de real decreto sobre o exame para o acceso á avogacía, en que a CRUE presentou alegacións, consensuadas entre os decanos das facultades de dereito, que foron aceptadas polo Ministerio: o exame non será único en Madrid, senón descentralizado por CCAA e entre os contidos a examinar encontrárase o dereito autonómico. A CRUE considera que o tema máis importante das universidades para 2014 é negociar unha solución satisfactoria á taxa de reposición do 10%, pola súa grave repercusión nos recursos humanos das universidades. Esta valoración é coñecida polo ministro de Educación, quen anunciou a súa colaboración coa CRUE para convencer o Ministerio de Facenda de cara á negociación dos orzamentos xerais do Estado para 2015.

Tamén informa da inminente aprobación polo *Consejo de Ministros* do convenio para poñer en marcha na UDC a primeira fase do proxecto A-TEMPO, financiado con fondos tecnolóxicos comunitarios cun orzamento de 3,2 millóns de euros, para a realización de proxectos de compra pública innovadora. A UDC ten que cofinanciar cun importe de 300.000 esta liña de traballo, que o reitor considera fundamental para a propia Universidade e para as empresas do sector naval, en particular de Ferrolterra.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, de que se transferiron as cantidades correspondentes a 2013, dos grupos, unidades e investigadores



individuais que solicitaron ser avaliados pola ANEP ou reavaliados en 2013 da resolución das axudas Inditex-UDC para estadías internacionais de estudantes de doutoramento da UDC, da resolución da modalidade B das axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral (posdoc-1) do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) da Xunta de Galicia para o ano 2013.

Neste punto da exposición do vicerreitor, interrómpeuse o normal desenvolvemento da sesión por mor das protestas dun colectivo de PAS na porta do Consello de Goberno, que impiden escoitar o vicerreitor.

O Consello de Goberno prosegue ás 10:15 horas.

O vicerreitor continúa informando da resolución, no día de onte, da convocatoria Conecta-PEME da Axencia Galega de Innovación (GAIN) correspondente ao ano 2013 e da resolución, a pasada semana, da convocatoria de consolidación e estruturación de centros tecnolóxicos non consolidados, tamén da GAIN.

O vicerreitor dá conta tamén do número de solicitudes de proxectos presentadas ás convocatorias do MINECO do pasado mes de novembro, da resolución da convocatoria FPI e da publicación da convocatoria de FPU. Por último, informa da realización da xornada informativa do H2020 na UDC, o día 2 de decembro, e do obradoiro práctico de presentación de propostas para o H2020, que tivo lugar o día 17 de decembro na UDC.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías informa da reunión do día 3 decembro na Secretaría Xeral de Universidades, sobre alternativas de viabilidade das titulacións que non cumpren cos requisitos do Decreto 222/2011. A UDC levou a esa reunión as solucións negociadas cos centros para articular itinerarios comúns e agregacións nas titulacións problemáticas. Pola súa parte, a Xunta de Galicia presentou unha proposta con 25 declaracións de intencións nun *powerpoint*. A UDC comprometeuse a estudar esta proposta, que máis ben é unha declaración de intencións xa que non existe documentación xustificativa das distintas propostas. Mañá está convocado un Consello Galego de Universidades, en que probablemente se comente o asunto, dada a súa ampla repercusión mediática. Comenta por último a posta en marcha de *Documenta* como repositorio documental e arquivo electrónico de todos os centros e departamentos.



A **vice-reitora de Planificación Económica e Infraestruturas** informa de que, desde o anterior Consello de Goberno, de conformidade coa Base 9ª.2 do Orzamento, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 16 de decembro validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2013 por importe total de 142.818,85 € no expediente C-0015-13.

A **vice-reitora de Responsabilidade Social e do Campus de Ferrol** informa sobre a posta en marcha do programa de aloxamento interxeracional, en colaboración co Concello de Ferrol.

A **vice-reitora de Relacións Internacionais e Cooperación** informa de que, entre outros convenios asinados estas últimas semanas –como o que se fixo coa Universidade Tecnolóxica de Harbin, para a mobilidade de alumnos de arquitectura con esa universidade chinesa– se levou a cabo a sinatura do Convenio de dobre titulación internacional de Mestrado en Migracións Internacionais entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Potiers. Este convenio ofrécelles a posibilidade aos alumnos da UDC matriculados no mestrado de Migracións Internacionais, da Facultade de Socioloxía, de obter as dúas titulacións a través dunha mobilidade na universidade francesa, subvencionada, ademais, con axudas específicas do Ministerio de Educación para mestrados hispano-franceses.

Finalizado o proceso de selección, a próxima semana publicarase a resolución das 34 prazas que se asignaron para a realización das prácticas *Leonardo*: 34 bolsas para 6 países, froito da execución do proxecto da UDC *Hi-Training*, que permite a titulados da UDC facer unha estadía de prácticas de seis meses en empresas europeas.

O **xerente** informa, en primeiro lugar, de que con data 5 de decembro actual vén de se ditar a Resolución reitoral pola que se modifican *as Normas para a aplicación do procedemento negociado e a tramitación dos contratos menores*, na contratación administrativa da Universidade da Coruña, co obxecto, como se anunciara nunha sesión anterior deste Consello, de introducir na norma novena a obriga xeral, a partir do 1 de xaneiro de 2014, de solicitar un mínimo de tres ofertas nos contratos de obra de importe superior a 25 000 euros e nos de servizos e subministracións de máis de 9 000 euros, IVE non incluído. Esta medida, entre outras, ten por obxectivo facer máis eficiente a utilización dos recursos económicos da Universidade ao tempo que garante e reforza os principios de concorrência na compra pública.



O **secretario xeral** informa de que o 13 de decembro se lle notificou á universidade a sentenza do TSXG do 11 de decembro, que anula dúas prazas de titular de universidade convocadas e resoltas no ano 2012, por incumprimento da normativa básica sobre taxa de reposición. Aínda que o ton da sentenza é bastante desalentador, os servizos xurídicos da UDC van interpoñer recurso de casación, por entender que esta é unha cuestión estratéxica non só para esta, senón para as restantes universidades españolas.

Tamén se informa de que a Xunta de Galicia desestimou o recurso presentado contra a non autorización de catro prazas de contratado doutor durante o ano 2013. En función de como quede a lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2014, valorarase a presentación de recurso contencioso-administrativo.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 26 de novembro

Sométese á aprobación do Consello a acta da sesión ordinaria do 26 de novembro.

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en cinco (5) convenios marco, dous convenios específicos (2), e trinta e un convenios para prácticas (31) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se proceder, do Plano Operativo Anual (POA) e orzamento para o exercicio 2014

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, que expón os principais aspectos do orzamento para 2014 e do POA.



Na quenda de intervencións, Maria Luisa Sánchez Simón considera que se produce case a anulación da acción social, porque entende que hai unha serie de conceptos que non son o que se coñece como acción social, na medida en que non os xestionan os órganos de xestión unitaria: escola infantil, matrícula. Di que se recorta no número de efectivos do PDI. Considera que hai máis masa salarial. Pregúntase tamén se non había outra alternativa que baixar a acción social, dado que, por un 3 por mil de porcentaxe, que é o que considera supón a baixada da acción social, estase a producir un barullo monumental.

Nuria Vieira Sousa, representante do PAS, considera que o incremento do capítulo III dos ingresos pola contabilización das exencións de matrícula non é real. Di que os seus datos son inferiores. Verbo da cantidade destinada á formación para os dous colectivos (150 000 €), considera que habería que a situar no concepto de acción social.

Teresa Rey, representante do PAS, considera que co recorte da acción social se incumpre a prórroga do III Convenio colectivo e o acordo de funcionarización do PAS laboral.

Anxo Calvo considera que o orzamento e o POA deben interpretarse conxuntamente. Ambos alíñanse correctamente co Plan estratéxico recentemente aprobado polo Claustro e responden, por tanto, ao mandato do Claustro, con independencia de que poida haber críticas a puntos concretos do orzamento. Na CAE do 16 de decembro, ambos os documentos foron analizados con profundidade polos seus integrantes. Considera que é obrigado ser estrito na estimación realista dos ingresos e na imposibilidade de acudir á débeda para financiar gasto. Desde estas premisas, o orzamento de gasto é prudente, restritivo, aínda que sexa duro seguir esta liña. Para el, o dato decisivo para entender as restricións orzamentarias é a redución brutal dos ingresos correntes e as transferencias de capital que proveñen da Xunta de Galicia por vía do Plan de financiamento 2011-2015. Considera que, polas razóns que sexan, a Xunta está a incumprir o seu propio plan e, nesa situación, pouca marxe hai para facer outro orzamento de gasto, a pesar do cal opina que a UDC está cumprindo as prioridades establecidas, incluídas as prioridades en materia de persoal. Pregunta se a vicerreitora considera cumprido correctamente o Plan de financiamento 2011-2015; e de non se cumprir, que se pensa facer para que se cumpra.



Inés Pernas pregunta sobre os fondos bibliográficos: non hai asignación a departamentos porque se centraliza nos centros? Os gastos de funcionamento que se derivan para a UADI: quen xestiona ese 10%?

Manuel Casteleiro pregunta canto representa a baixada do orzamento para grupos de investigación respecto do ano 2013. Considera, en xeral, sorprendente que non houbera outro sitio en que rebaixar a cantidade que se rebaixa na acción social, dada a súa sensibilidade. Debería haber unha reflexión nese sentido para evitar no sucesivo estes problemas.

Nona Inés anuncia a súa abstención na votación, para non prexulgar o seu posicionamento no Consello Social que se celebrará na tarde. Pide que se faga un esforzo para reducir esa cantidade da acción social noutro sitio. Compartindo o fondo da reivindicación dos PAS, non se considera capaz de buscar unha solución, porque hai que quitar doutro sitio.

Pedro Gil refírese ao orzamento do seu centro, en particular subministracións e equipamento, que son moi sensibles nas súas titulacións e no funcionamento da Clínica Podolóxica. Solicita unha reflexión da vicerreitora ao respecto.

Luis Castedo considera que o POA e o orzamento son continuación dos documentos aprobados polo Claustro do 4 de decembro. Porén, considera que o documento orzamentario non achega correctamente a información pertinente. Considera que a documentación do POA é confusa. Non hai coherencia nin claridade á hora de expor as claves do orzamento. Cita o caso das bolsas para os estudantes: fálase de tratamento preferente, cun axuste do 3%, inferior á media. Pregunta cal é a marxe de discrecionalidade para confeccionar estes orzamentos. Pregunta tamén sobre o financiamento do CITIC, sobre o remate das obras do CITEEC, do CICA e sobre distintas partidas.

Na quenda de réplica, a vicerreitora explica que a contía global da acción social foi axustada á baixa por motivos orzamentarios, mais non se pechou a redistribución dos subconceptos, onde hai marxe de negociación para encontrar as prioridades de xeito dialogado cos traballadores. A formación do PAS contabilízase á parte, aínda que no mesmo artigo de capítulo I. As decisións de axustes á baixa non son doadas, pero responden a criterios de ponderación e a criterios de priorización, centrándose naquilo cuxa defensa levamos anos considerando prioritario: a calidade do servizo público docente e investigador. As retribucións salariais non se rebaixan respecto de 2013. O Plan de financiamento está a cumprirse só formalmente, porque



non está garantindo o funcionamento normal da institución na realidade. Os gastos nas UADIS deben ser financiados nunha parte polos departamentos, por iso se fixo a retención dun 10% no orzamento do propio departamento. O financiamento a grupos son 870 000 euros, o que supón unha baixada de 50 000 € fronte aos 920.000 € que había en 2013. Respecto da marxe de discrecionalidade no orzamento, a vicerreitora di que é moi reducida, polo alto gasto comprometido no capítulo I e os continuos axustes xa realizados en capítulos de gasto corrente en bens e servizos. Sobre o orzamento do parque tecnolóxico, non aparece no POA porque xa está prevista a incorporación das correspondentes partidas para o orzamento de 2014. Considera que temos que mellorar as deficiencias que existan no funcionamento do Xescampus e do Sorolla, pero é irreal formular o seu cambio. A suba do capítulo III dos ingresos explícase por unha reclamación á Xunta sobre exención de matrícula.

Intervén a seguir o reitor para explicar que o proxecto de orzamentos que presenta o equipo de goberno é o máis realista e responsable posible, ante unha situación caracterizada, por unha banda, pola diminución paulatina dos remanentes dos exercicios anteriores, e diante dun Plan de financiamento que votamos en contra en 2011, porque entendiamos que era lesivo, como se está a demostrar ano tras ano. O Plan foi modificado supervenidamente en varias ocasións, e tamén interpretado unilateralmente pola Xunta de xeito desfavorable para as universidades, de modo que se van reducindo os nosos ingresos pouco a pouco. Perante esa redución, o equipo de goberno fai un esforzo de manter equilibradamente o gasto, salvando aquilo que se considera prioritario. No caso da acción social, o lóxico é salvaguardar as partidas dedicadas á matrícula e escola infantil de todo o persoal, e reducir as partidas dedicadas ao pagamento do seguro de vida do PDI e ao pagamento do seguro privado sanitario para o PAS, pero estas cuestións poden negociarse, porque o orzamento recolle as contías globais.

Tras as anteriores intervencións, sométese o punto a votación.

Votos a favor: 27

Votos en contra: 12

Abstencións: 4

Con este resultado, apróbase o POA e o orzamento para o exercicio 2014, e incorpóranse ambos os textos como **anexo IV e anexo V**.



5. Aprobación da proposta de premios extraordinarios de grao e licenciatura 2012-2013

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías solicita desculpas pola tardanza en enviar aos membros do Consello de Goberno a listaxe debido ao atraso en ser enviada polos centros. Explica que se trata das propostas de premios extraordinarios de grao e licenciatura que remitiron os centros, de conformidade coa normativa reguladora.

O ano que vén producírase unha unificación dos premios nos graos, xa que serán suprimidos a maioría dos premios extraordinarios dos títulos da normativa anterior ao EEES.

A proposta apróbase por unanimidade e incorpórase como **anexo VI**.

6. Aprobación, se proceder, da normativa reguladora da matrícula e a defensa do traballo de fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM)

Toma de novo a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para explicar o sentido desta proposta.

As Directrices para a elaboración de propostas de títulos de graos, aprobadas polo Consello de Goberno do 3 de xaneiro do 2008, estableceron as condicións que deben cumprirse para efectuar a matrícula nos traballos fin de grao, basicamente ter superados 180 créditos do grao incluíndo todas as materias da primeira metade do título. Aínda que estas directrices foron derogadas pola Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de grao e mestrado universitario, aprobada polo Consello de Goberno do 27 de xuño de 2012, este aspecto non sufriu variación.

A experiencia acumulada desde a posta en marcha dos títulos adaptados ao EEES, fai aconsellable manter un proceso ordenado de adquisición de competencias que posibilite que, no momento en que o estudante comeza a realizar o TFG, teña superadas as materias da primeira parte do título; mais detectáronse situacións non desexadas que dificultan a finalización dos estudos, alongando de forma innecesaria o período de escolaridade, polo que cómpre ter en conta estas situacións e revisar as condicións de matrícula.



Con base nestas consideracións, o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías solicita a aprobación da presente normativa, que conta co informe favorable da Comisión de Plans de Estudos do 16 de decembro.

Na quenda de intervencións sobre o punto, Manuel Casteleiro considera un requisito innecesario que haxa que superar os créditos da primeira parte da carreira, polo que solicita que se valore a súa supresión.

Pedro Gil solicita unha aclaración sobre o contido da normativa.

Luis Castedo puntualiza que no artigo 2.2 indica que hai dúas convocatorias, xuño - xullo e xullo - setembro. Non se pode liberalizar o momento en que se pode ir a unha segunda convocatoria, tendo en conta que non é un exame ordinario?

Julio Abalde replica que esta normativa se insire dentro das normativas académicas xerais, incluída a normativa de permanencia. O que formula Manuel Casteleiro entrañaría unha alteración dos sistemas de progresión, e rompe o equilibrio que inspira a presente normativa e o resto de normativas académicas da universidade. Aclara tamén a pregunta de Pedro Gil. Sobre a liberalización, puntualiza o vicerreitor que os traballos fin de grao non son traballos fin de carreira, aínda que é certo que se considera unha marxe maior para pechar as actas, indicando unicamente a data final e non un período pechado, de modo que os propios centros poidan regular flexiblemente a defensa dos TFG e TFM. Esa é tamén unha das finalidades da nova normativa.

Tras o anterior debate, o punto apróbase por asentimento e incorpórase a normativa como **Anexo VII**.

7. Acordo de derogación do Regulamento dos estudos de posgrao oficiais, aprobado polo Consello de Goberno do 30 de xuño de 2006

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías explica que, con data 30 de xuño de 2006, o Consello de Goberno aprobara o Regulamento dos estudos de posgrao oficiais, mediante o cal se desenvolvía, para o ámbito da Universidade da Coruña, o Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, modificado polo Real decreto 1509/2005, sobre estudos universitarios oficiais de posgrao.

A entrada en vigor do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, supuxo a



derrogación explícita do Real decreto 56/2005 (disposición derogatoria única do Real decreto 1393/2007).

Porén, no ámbito da Universidade da Coruña non se procedeu a derrogar explicitamente a normativa propia de posgraos oficiais, aprobada no ano 2006, mediante acordo do Consello de Goberno.

É por iso que, para garantir a necesaria seguridade xurídica sobre a normativa en vigor, o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías propón que se derrogue explicitamente o Regulamento de Estudos de Posgrao Oficiais aprobado o 30 de xuño de 2006.

Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno e incorpórase como **Anexo VIII**.

8. Aprobación das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías retoma a palabra para explicar as principais modificacións que incorporan estas novas normas.

A progresiva adaptación dos estudos oficiais da Universidade da Coruña (UDC) ao EEES esixe a actualización da normativa académica para dar cumprida resposta a aqueles elementos dos procesos de ensino-aprendizaxe que a nova ordenación académica pon en valor. Consonte con este proceso de adaptación do seu marco normativo, a UDC propón revisar a actual Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e reclamacións aprobada polo Consello de Goberno o 2/06/2006 para adecualala ás novas circunstancias académicas.

A nova normativa ten como finalidade establecer un marco mínimo xeral orientado a garantir o recoñecemento efectivo dos dereitos do estudiantado a unha avaliación obxectiva e, sempre que for posible continua, baseada nunha metodoloxía activa de docencia e aprendizaxe e a seren informados sobre as normas de avaliación e o procedemento de revisión de cualificacións, de acordo co que establece o artigo 7 do Estatuto do estudante universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro. Marco xeral que se formula respectando unha ampla marxe de actuación docente para o establecemento das metodoloxías de avaliación que se consideren acaídas ás necesidades e características específicas das materias, e que deixa aberta a posibilidade de que cada centro estableza un



marco propio que considere aqueles aspectos necesarios á vista das características dos estudos impartidos nas súas titulacións.

A proposta foi informada favorablemente pola Comisión de Plans de Estudo do 16 de decembro.

Na quenda de intervencións sobre o punto, prodúcense as seguintes.

Manuel Casteleiro comenta algúns aspectos concretos. No artigo 12, punto f), cítanse “mobilizacións estudantís”, sen definir o concepto. Artigo 14.1, páxina 10: comunicación estudantil en temas referentes á avaliación. Solicita que se quite. No artigo 16, sobre as actividades de avaliación continua, considera que a avaliación debe ser previa aos 3 días da data da avaliación. Artigo 23, período de revisión das cualificacións, o tema da garantía de ver o exame debería acoutarse. Menciona por último a presenza do coordinador do mestrado nas revisións.

Ana Iglesias comenta, sobre o artigo 6.2, avaliación “idéntica” considera que pode ser vulneradora da liberdade académica. Debe garantirse a coordinación. Na páxina 18, artigo 29.2, considera que hai aspectos de distinta natureza, que conviría distinguir na numeración.

Pilar Uriz lembra as dificultades que sempre existen para tratar estas normativas, polo que felicita o vicerreitor. Sinala tres cuestións. No artigo 12, inclúese asistencia a órganos de goberno dos centros? O aumento do número de convocatorias para aprobar a materia parécelle excesivo, na liña comentada por Manuel Casteleiro. Non lle queda claro cando hai que poñer “non presentado”. No art. 30.5 está repetida a comisión académica tal e como está redactado o texto.

Neste punto, o reitor e a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas abandonan a sesión e queda presidindo esta o vicerreitor de Investigación e Transferencia.

Inés Pernas, en canto aos tres días de prazo de avaliación antes do exame, solicita a inclusión do prazo no caso en que non exista proba de avaliación específica no calendario. Comenta o artigo 12.a), sobre os criterios de xustificación das baixas. Por último, mostra no nome dos directores de departamento do seu centro a queixa por non achegar previamente o borrador aos departamentos.



Marisa Sánchez Simón comenta que o prazo de presentación de reclamacións é de dez días tras o peche de actas, e formula o problema do carácter hábil ou inhábil do mes de agosto.

Luis Hervella toca o tema da cualificación de “*non presentado*”. Considera que esta regulación non é suficiente, sobre todo no caso dunha avaliación continua. Tamén propón que se elimine a publicidade de notas nos taboleiros dos centros.

Miguel Muñoz tamén solicita que se envíen os borradores aos departamentos. Comenta o artigo 19, e suxire que o prazo de tres días dos departamentos para emitir o seu informe non se compute a partir de entrada en rexistro.

O vicerreitor de títulos di que os prazos son sucesivos, mais acepta que se faga unha mellora da redacción respecto do cómputo do prazo de 3 días, para que sexa desde o remate do prazo de reclamacións. Sobre o dereito de ter a avaliación das actividades continuas indica que o prazo de tres días é antes do inicio do período de avaliación, aínda que sería desexable que os resultados das actividades de avaliación foran coñecidas ao longo do período lectivo. Acepta que se mellore a redacción da sección de realización dos exames (art. 14) “comunicación entre estudantes *en temas referentes á avaliación*”. Sobre o artigo 23.2, comenta que o profesor é o que establece cal é o período de revisión e este debe permitir que os alumnos poidan realizar a revisión da cualificación. Sobre os criterios de avaliación, do que se trata é de que haxa unha coincidencia de criterios entre os distintos grupos dunha materia, porque agora o que hai é moita disparidade. Sobre o número de convocatorias, nas normas de permanencia xa se aclarara que agora pasa a haber catro convocatorias con dúas oportunidades, fronte ás seis convocatorias con dúas oportunidades que había ata o curso 2012/2013, por tanto non se incrementa senón que se reducen. Sobre a noción “*non presentado*”, tratouse de aproveitar a experiencia desenvolvida e a propia praxe das guías docentes, e deixa marxe de actuación para os propios centros, de forma que en ausencia de directrices polo centro estarase ao que figure na guía docentes da materia e, en todo caso, a non presentación á proba marcada no calendario supón un “*non presentado*”. Isto ten moita relevancia nos expedientes académicos e nos procesos de concesión de bolsas. Sobre a publicidade das notas, considera que o taboleiro físico é aínda necesario. Con relación ao art. 30.5, efectivamente cando se fala de “membros da comisión *académica do centro* ou da comisión académica...” quere indicarse “membros da



comisión *creada no departamento* ou da comisión académica...”, emendarase o erro no texto final.

Tras esta réplica, Ignasi Colominas pregunta porque razón hai menos convocatorias en mestrado (2) fronte ao grao. Considera tamén positivo que se fagan públicas as notas nos taboleiros.

Miguel Muñoz pregunta que é a taxa de avaliación que aparece no artigo 38. O vicerreitor indica que é o número de estudantes que se presentan fronte aos estudantes matriculados.

Gonzalo Faya bota en falta o tema dos exames ilexibles. Comenta tamén o asunto dos tres días, en vez de sete. Pensa que era bo manter o dos sete días.

Tras as anteriores intervencións, e co compromiso de incorporación das anteriores achegas e suxestións, considérase aprobado por asentimento, e incorpórase como **anexo IX**.

9. Proposta de convocatoria prazas de PDI contratado curso académico 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a convocatoria de tres prazas de profesorado contratado temporal:

- Praza de profesor asociado (P03) para a Área de Didáctica das Ciencias Experimentais
- Praza de interino de substitución (P06) para a Área de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
- Praza de axudante doutor, dedicación total, para a Área de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo, por promoción dunha praza previa de axudante. Esta praza conta con autorización da Xunta de Galicia.

Todas as prazas contan con informe favorable da COAP e da mesa sindical.

A proposta apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo X** á acta deste Consello de Goberno.

10. Proposta de cambio de dedicación para o curso académico 2013/2014



O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a modificación da dedicación das seguintes prazas de profesor asociado da Área de Construcións Navais, por necesidades docentes sobrevidas:

- Praza de profesor asociado ocupada por Ángel Fernández Rodríguez: P03 a P04
- Praza de profesor asociado ocupada por Indalecio Seijo Jordán: P04 a P06
- Praza de profesor asociado ocupada por Raúl Villa Caro: P04 a P06

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XI**

11. Proposta de autorización de venias docentes para o curso académico 2013/2014

O vicerreitor de Profesorado solicita a concesión de venia docente durante o curso académico 2013/2014 para impartir docencia no centro adscrito de Turismo (materia *Introdución ao Turismo*) á profesora María de las Mercedes Carreño de Vicente. Conta co informe favorable do Departamento de Socioloxía e Ciencia Política e da Administración.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo XII**

12. Proposta de autorización de licenzas

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a concesión das seguintes licenzas docentes:

- Luz Paz Agras, profesora da Área de Composición Arquitectónica, para unha estadía desde o 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2014 na Batlett School of Architecture, University College of London, para estadía posdoutoral, financiada con bolsa de posgrao da Fundación Barrié, para realizar unha investigación baixo a supervisión da profesora dona Penelope Haralambidou.
- Jesús López Rodríguez, profesor da Área de Fundamentos da Análise Económica, para unha estadía desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2014 no Institute for Prospective Technological Studies (IPTTS) da Joint Research Centre of the European Commission's



(JRC), Sevilla (España), para unha investigación no ámbito da capacidade de innovación e o desenvolvemento sustentable das rexións comunitarias.

Apróbanse por asentimento e incorpórase como **Anexo XIII**

13. Aprobación, se proceder, da modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias do Traballo

O secretario xeral expón que se trata dunha actualización e mellora do texto anterior sobre regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias do Traballo. Conta co informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo XIV**

14. Renovación e aprobación de títulos propios

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías expón os tres títulos propios que se traen ao Consello de Goberno, de conformidade coa normativa reguladora: novo curso de especialización en avaliación da sustentabilidade da edificación mediante o certificado BREEAM, novo curso de especialización en xestión de centros sanitarios e renovación do mestrado interuniversitario en xestión e planificación portuaria e intermodalidade, que xestiona a Universidade de Cádiz e financia Puertos del Estado.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **Anexo XV**

15. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Fernando Agrasar solicita información sobre a proposta de cambio de denominación da EUAT, e quere participar no procedemento. Sobre as visitas ás obras dos estudantes e os requirimentos de seguridade e saúde, hai un problema porque a empresa aseguradora non achega certificado da cobertura do seguro escolar sobre os estudantes que van á visita.

Ignasi Colominas pregunta se se sabe algo sobre a convocatoria anual dos complementos de excelencia curricular da ACSUG. O reitor comprométese a preguntar mañá no Consello Galego de Universidades.



María Luisa pregunta se hai avances sobre a representatividade do persoal do capítulo VI.

Moisés Canle pregunta se as prazas de TU anuladas polo TSXG son as do seu centro.

Miguel Muñoz solicita mellorar a iluminación na entrada do campus, e tamén para iluminar os túneles de acceso ao campus polo Birloque. E por último felicita as Pascuas a todos e todas.

Gonzalo Faya pregunta sobre as reclamacións de tres estudantes de Arquitectura Técnica de abril de 2013.

O reitor contesta que as transformacións das denominacións dos centros se relacionan coa transformación das titulacións. Sobre o seguro escolar, di que se estudará. Confirma que as dúas prazas impugnadas son as de Ciencias. Sobre o tema da iluminación, comprométese a falar co Concello. Sobre o tema do recurso dos estudantes, o secretario xeral comprométese a contestar expresamente á maior brevidade. Sobre o capítulo VI, o xerente anuncia que se constituíu o grupo de traballo para comezar a estudar o ámbito de representatividade á volta das vacacións.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 14:15 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito